



SI

## O Software Libre nas Empresas de Galicia

EDICIÓN 2018. RESUMO EXECUTIVO

# ÍNDICE

## Presentación

## Principais resultados

I. Posición global

II. Tipoloxías de Software Libre

III. Análise sectorial e provincial

IV. Conclusións

## I. Presentación

Amosamos os principais resultados dos indicadores sobre **Software Libre nas empresas de Galicia** correspondentes ao **ano 2018**.

O informe foi realizado polo Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)** da Xunta de Galicia.

### Obxectivo:

- Analizar o nivel de implantación e o uso do Software Libre nas empresas de Galicia e a súa evolución, contribuíndo ao coñecemento e ao impulso dos modelos baseados en Software Libre e as súas vantaxes competitivas.

### Fontes de información:


- Este estudo foi elaborado no marco do **Convenio de colaboración** asinado entre a Amtega, o IGE e o INE.
- Este acordo establece que os datos procedan da “**Enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas**” que realiza o INE e transferidos a través do IGE. Ademais, permite unha ampliación dos datos que publica o INE no que se refire a:
  - Microempresas
  - Empresas con sede fora de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade en Galicia.
- A fonte de información dos datos evolutivos anteriores ao ano 2013 proceden das enquisas específicas ás empresas que realizaba o OSIMGA.

# Principais Resultados

## II. Posición global

### EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE

(% sobre o total de empresas)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

✓ Seis de cada dez microempresas galegas empregou software libre, experimentando un aumento de 5,6 puntos porcentuais no último ano

✓ O 87,8% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia empregou aplicacións de Software libre.



# Principais Resultados


## II. Posición global

### EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas de 0 a 9 empregados/as con Software Libre.

Comparativa Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE


O crecemento de uso de Software Libre nas microempresas galegas foi de **5,6** puntos, superando ao crecemento que experimenta a media estatal (aumenta **4,8** puntos).

# Principais Resultados

## II. Tipoloxías de Software Libre

### TIPOLOXÍAS DE Software Libre

(% sobre o total de empresas)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Os navegadores de Internet e as aplicacións ofimáticas continúan a ser as tipoloxías de Software Libre máis empregadas polas empresas galegas, independentemente do número de empregados / as.

O maior incremento produciuse na tipoloxía “outras aplicacións libres” que comprenden aplicacións relacionadas co software de seguridade, plataformas de aprendizaxe ou servidores de correo electrónico.


# Principais Resultados

## III. Análise sectorial e provincial

O Sector Servizos é o que máis emprega Software Libre, tanto nas empresas de 0 a 9 asalariados/as (64,5%) como nas de 10 ou máis empregados/as (90,6%).

### EMPRESAS CON Software Libre SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE



## O Software Libre NAS EMPRESAS DE GALICIA

### EMPRESAS CON Software Libre SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir de datos INE, facilitados a través do IGE

Segundo o ámbito xeográfico destacan as microempresas da provincia da Coruña, con 65,2%. Nas empresas de 10 e máis empregados/as, destacan as da provincia de Ourense, con 91,8%.



## Principais Resultados

### IV. Conclusións

En base aos resultados e análises referidos ao Software Libre nas empresas de Galicia, resaltamos algunhas propostas de actuacións para tratar de incrementar a implantación do Software Libre:

#### Propostas de actuación:

- Dar a coñecer as vantaxes do uso de Software Libre, tanto dende o punto de vista económico como de sustentabilidade e desenvolvemento.
- Ofrecer asesoramento particularizado ás necesidades das empresas, respecto de produtos en continuo avance e libres de ataques.
- Formación aos usuarios/as, con especial atención ao segmento empresarial das microempresas.



Oficina de Coordinación de  
Software Libre



CeMIT | Centros para a Modernización  
e Inclusión Tecnolóxica



Colexio Profesional de  
Enxeñaría en Informática  
de Galicia



CENTRO DE NOVAS TECNOLOXÍAS  
DE GALICIA

Para levar a cabo estas propostas, continúan as liñas de actuación promovidas desde Amtega para o fomento do Software Libre, coa colaboración da Oficina de Coordinación de Software Libre, a través de xornadas de demostracións e de formación no Centro Demostrador TIC, CNTG...



XUNTA  
DE GALICIA



Máis información: [www.osimga.org](http://www.osimga.org)